

<p>Eu vivo por aquí e hai moitos ghrelos non sei que facer así que córtate os pelos.</p> <p>Non voi ir a ningures porque vou ir onda os porcos e vaias a onde vaias na aldea non hai poucos.</p> <p>Non se pode aghora porque non é tempo diso vas durmir á túa casa ou se non vas para o piso.</p> <p>Pois eu marcho a traballar déixame traquilo no prado que vou a andar, senón no tractor co meu arado.</p>	<p>A min non me gusta e non vou corta-los pelos vai pasear un pouco e vai buscar algúns ghrelos.</p> <p>Pois se non hai poucos tes moito que facer non tes máis que ir xunta eles e darlles de comer.</p> <p>non vou durmir ó piso que estou ben na miña casa cando non teño que facer voume para a miña terrasa.</p> <p>Eu xa che deixo tranquilo que tes moito que facer cando acabes no prado irásteme para comer.</p> <p style="text-align: right;">Lucía e Miguél (3º B)</p>
---	--

<p>Íache eu pola horta alí en Redondela e xireime un momento e vina aparecer a ela!</p> <p>Ai! Cagho no mundo xa foi fala-lo burricán que por non saber sachar anda a pedir pan.</p> <p>Namorar ti a quen? tanto porcallán que por non te lavares da aldea che botarán.</p> <p>Pero que dis pailán! anda e cala a boca! que de tan lelo que es anda a colgarche a moca.</p>	<p>Non soñes raparigo que por moito que a queiras ela non te quere que es un simple sacha-leiras.</p> <p>Pedir pan si, mais só para estudar, e cos meus graduados, rapazas coma ela namorar.</p> <p>Foi falar Don Limpo que sempre vén lavado mais será casualidade que sempre está emporcado.</p> <p>Burro! Cala a boca! que aínda as vas levar e por sorte para ti xa me é hora de marchar.</p> <p style="text-align: right;">Daniel e Rubén (3º B)</p>
---	--

<p>E logo onde estarías? onde estarías onte? cando estaba eu con Xosé pescando na ponte.</p> <p>Traballar ti pailán ti só vageas na casa eu, ao menos, levo peixe e así menos fame se pasa.</p> <p>E ti es un pailán! que a uva non se pesca así que non me amoles e vai sacar a besta.</p>	<p>Pois non todos coma ti podemos ir pescar algúns somos decentes e temos que traballar.</p> <p>Ai!! Non me fagas rir se comen o que levas á casa comerán cada un como moito unha triste uva pasa!</p> <p>Eu xa son traballador e xa saquei a besta agora o que vou facer e irme para a festa.</p> <p style="text-align: right;">Óscar e Martín (3º B)</p>
---	---

<p>Fun ao monte buscar castañas ía eu camiñando cara ó castiñeiro sen querer tropecei cunha pedra era mellor caer nun palleiro.</p> <p>Nada de traballar porque ti non me vas pagar para que eu che axude castañas me tes que dar.</p>	<p>O palleiro está na miña leira e ti alí non podes entrar así que déixate de leiras ven comigo que imos traballar.</p> <p>Eu non che vou dar nada así que vai por onde viñeches e se queres castañas vai por aí meterte leches.</p> <p style="text-align: right;">Oscarina e Joelina (3ºB)</p>
--	--

<p>A profesora de galego mándanos regueifar non sei que imos facer. se non temos nada que pensar.</p> <p>Teño a Maroñas ao lado, e no para de falar xa estou cansado, porque xa empeza a cheirar.</p> <p>cando veñen os de 3º B temos que escapar, se non métennos no corpo. as ganas de aprobar.</p>	<p>Non te preocupes porque algo imos pensar se non Fátima non nos vai aprobar.</p> <p>É peor, ao outro lado que está Steven sempre a armala, e Manel séguelle o rollo e así si que non ten parada.</p> <p>Ti non te preocupes porque sempre veñen en son de paz o caso é que veñen e nunca falta ningún rapaz.</p> <p style="text-align: right;">Brais, David e Iago (3º A)</p>
---	--

<p>Isto é un aburrimento quérome largar paso de perder o tempo ponte ti a rimar.</p> <p>Ai si, váiche boa se pensas que vou comer despois toca matemáticas e non quero devolver</p>	<p>Perder o tempo perderemos pero isto haino que facer en algo hai que matar o tempo antes de ir a comer.</p> <p>Ai mimadriña matemáticas a que nos vai caer cos pelos que leva a profe nin o encerado imos ver.</p> <p style="text-align: right;">Carla e Nuria (3º A)</p>
---	--